

## Concello de Outes

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de setembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 21:20 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ

Concello de Outes



## Concello de Outes

78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano,

o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos

incluídos na orde do día:

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1. Aprobación da acta da sesión anterior

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data do 26 de setembro de 2019.

#### 2. DACIÓN DE CONTAS DA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

#### 3. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2018.

**Expediente 407/2019. Peche e Liquidación do Orzamento**

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<b>DEBATE</b>	
<p>Trala explicación do Sr. Alcalde, non se produce debate, consensuando tódolos grupos e procedéndose á <b>VOTACIÓN</b>, que amosa o seguinte resultado:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Compromiso Outes: 5 votos a favor;</li><li>- Partido Popular: 5 votos a favor;</li><li>- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;</li><li>- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.</li></ul> <p>En consecuencia,</p> <p>Vista a Conta Xeral do exercicio 2018, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.</p> <p>Visto que a Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2018, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.</p> <p>Finalizados devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.</p> <p>Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 17 de xullo de 2019 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral de 2018.</p> <p>Visto que mediante anuncio publicado no BOP núm. 148, de 7 de agosto de 2019, a Conta Xeral —xuntamente co informe de devandita comisión— foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.</p> <p>Visto que, de conformidade co contido da certificación asinada pola Secretaria da Corporación, durante o prazo de exposición pública e</p>	

Concello de Outes



## Concello de Outes

oito máis, non se presentou ningunha reclamación, reparo ou observación á Conta Xeral.

Visto todo o que antecede, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018, comprendida pola Conta Xeral do propio Concello.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización dos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas, segundo establece o artigo 212.3 RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

#### 4. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

<b>Expediente 842/2019. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<b>DEBATE</b>	
Introduce o punto o Alcalde, explicando que se trata de facturas presentadas que corresponden a servizos prestados no ano anterior pero que non puideron ser tramitadas e aboadas en dito exercicio (último trimestre), polo tanto hai que proceder a este REC. En este punto tampouco se produce debate, consensuando tódolos grupos, e procedéndose á <b>VOTACIÓN</b> , que amosa o seguinte resultado:	

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, procede á adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 8/2019 por importe total de 40.573,41 €, coas facturas que se xuntan a esta proposta, incluídas nas relacións F/2019/30 por importe de 15.678,58 €; F/2019/31 por importe de 10.248,71 e F/2019/61 por importe de 14.646,12 € e por conta das aplicacións do orzamento do Concello para o exercicio 2019.

## 5. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

<b>Expediente 795/2018. Elaboración e Aprobación do Orzamento</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<b>DEBATE</b>	
Explica o punto o Sr. Alcalde facendo referencia a que é necesario proceder á modificación das Bases de Execución para, no seu momento, ampliar un crédito e atender ó gasto que vai significar, presumiblemente, actuar de forma subsidiaria no derribo do tanatorio de Vistalegre, en execución da sentenza recaída polo Tribunal Supremo.	

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

En este punto tampouco se produce debate, consensuando tódolos grupos, agás o Partido Socialista, que adianta abstención porque afirma non contar con todos os datos para decidir doutro xeito. Procédese á **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 abstención.

En consecuencia,

Ante a existencia dos seguintes motivos: proceder, de acordo co sinalado no artigo 99 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á execución forzosa dos actos administrativos, previo apercibimento, a través dos medios sinalados no artigo 100 da devandita lei, e en relación co presente expediente, a través da execución subsidiaria a costa do obrigado, tendo en conta o sinalado no artigo 102, considérase necesario modificar a base de execución núm. 11 do orzamento municipal para o ano 2019, referida aos créditos ampliáveis, recollendo expresa e taxativamente como ampliable a partida na que se imputará o gasto derivado da execución forzosa de actos administrativos por medio de execución subsidiaria (151/22706), en función da efectividade dos recursos afectados non procedentes de operacións de crédito (399.01), recursos conformados pola liquidación do importe dos gastos, danos e prexuízos que se esixirá ao obrigado. Visto que con data 18/09/2019, emitíuse informe por Secretaría con indicación da lexislación aplicable e o procedemento a seguir para modificar as bases de execución. Visto que na mesma data, emitíuse informe por Intervención en sentido favorable á modificación das bases de execución. De conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e cun total de 12 votos a favor e unha abstención, ACORDA:



## Concello de Outes

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da base de execución núm. 11 do orzamento municipal para o ano 2019, quedando redactada nos seguintes termos: «BASE 11ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados agás os procedentes de operacións de crédito, todo isto consonte o artigo 39.1 do Decreto 500/1990. Para o exercicio 2019 terá a consideración de ampliable os créditos seguintes:

- Aplicación 2313.22301. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito serán os efectivamente recadados no concepto de ingresos 341.01 que superen os inicialmente previstos.
- Aplicación 151.22706 (gastos ocasionados ao Concello de Outes como consecuencia de execución forzosa de actos administrativos por medio de execución subsidiaria). Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito serán as liquidacións que se xiren antes da execución aos obrigados, e que supoñan o recoñecemento en firme de maiores dereitos sobre os previstos no orzamento de ingresos, subconcepto 399.01 (Outros recursos eventuais).

O expediente de ampliación deberá conter como mínimo os seguintes documentos:

- Informe da Tesourería municipal onde se poña de manifesto a efectiva recadación dos maiores ingresos previstos no subconcepto de ingresos 341.01.
- Informe da Tesourería municipal onde se poña de manifesto a efectiva recadación dos maiores ingresos previstos no subconcepto de ingresos 399.01 ou certificado de aprobación das liquidacións dos gastos derivados da execución subsidiaria, debidamente notificadas aos obrigados ao pago, que supoñan o recoñecemento en firme do dereito.
- Resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue, aprobando o expediente de ampliación de créditos.»

SEGUNDO. Expor ao público a modificación das bases de execución



## Concello de Outes

do orzamento, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.»

### 6. DÍAS FESTIVOS LOCAIS.

#### Expediente 856/2019. Procedemento Xenérico

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

#### DEBATE

Introduce o punto o Alcalde, explicando que se propón o mércores de cinza (26 de febreiro) e o martes 29 de setembro (San Campio). En este punto tampouco se produce debate, consensuando tódolos grupos, e procedéndose á **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia,

Vista a solicitude efectuada polo Servizo de Traballo e Economía

Concello de Outes





## Concello de Outes

Social, Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, relativa á remisión por parte deste Concello dos dous días festivos para o ano 2020;

En aplicación das previsións contidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade,  
ACORDA:

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos para o ano 2020 as seguintes datas:

- Mércores 26 de febreiro (Mércores de cinza);
- Martes 29 de setembro (Festividade de San Campio).

SEGUNDO.- Comunicar a presente ó Servizo de Traballo e Economía Social, para o seu coñecemento e efectos.

## 7. APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO.

<b>Expediente 820/2019. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentime nto
<b>DEBATE</b>	
Comeza o Sr. Alcalde facendo referencia a que este Plan Normativo é preceptivo para proceder á modificación/aprobación de calquera ordenanza ou regulamento. Se ben habitualmente se aproba ó inicio de cada ano, procede facelo agora pola concorrencia de circunstancias excepcionais, coa celebración de eleccións e a	



## Concello de Outes

existencia dun novo executivo.

Toma a palabra a portavoz o PP para facer referencia que non se van a opoñer ó Plan Normativo, sen prexuízo de facer valer a súa postura cando se coñezan os textos dos cambios. Adianta o voto a favor.

Dende o BNG e o PSOE, únense ó anterior comentario.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia,

Considerando que con data 09/09/2019, iniciouse pola Alcaldía expediente para levar a cabo a aprobación do Plan Anual Normativo deste Concello;

Considerando a proposta de Plan Normativo que asinada pola Alcaldía que figura no expediente;

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 10/09/2019, e de conformidade co previsto no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, procede á adopción do seguinte,

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan Anual Normativo deste Concello, que ten o seguinte tenor literal:

#### **“PLAN NORMATIVO PARA O 2019**

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña),

EXPOÑO



## Concello de Outes

O pasado 16 de xuño de 2019 accedeu ao executivo outense unha nova equipa de goberno que pretende poñer en marcha as medidas incluídas no proxecto co que se presentou ante a cidadanía.

Entre estas medidas inclúense a posta en marcha inmediata dun servizo de conciliación integral e dun servizo de escola infantil ou equiparable. En ámbolos dous casos é preciso crear ou modificar regulamentos municipais existentes e crear novas ordenanzas para cubrir o custe dos servizos.

Por outra banda, tamén como proposta do novo goberno, consideramos de especial interese modificar a ordenanza fiscal do ICIO, para incluír unha fiscalidade máis xusta e adecuada ás grandes infraestruturas enerxéticas.

Por tanto, a efectos do Plan Normativo de 2019, propónse o seguinte:

Crear un regulamento para os servizos de conciliación prestados polo concello.

Crear unha ordenanza para os servizos de conciliación prestados polo concello.

Modificar o regulamento que afecta ao Punto de Atención á Infancia.

Crear unha ordenanza para os servizos ofrecidos polo Punto de Atención á Infancia.

Modificar a ordenanza fiscal reguladora do ICIO.”

**SEGUNDO.** Publicar o presente acordo no Portal da Transparencia deste Concello [<https://outes.sedelectronica.gal/transparency>] co fin de que este ao dispor dos interesados.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL



## 8. MOCIÓNS.

**Expediente 777/2019. MOCIÓNS.**

### **1. MOCIÓN DE URXENCIA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE OS PROXECTOS EÓLICOS PROXECTADOS NO CONCELLO DE OUTES**

Exposición de Motivos:

No rexistro eólico de Galiza aparecen, dende hai case un ano, novos proxectos de parques eólicos para o noso concello en fase de tramitación. As empresas que se atopan detrás dos mesmos levan actuando todo este tempo con secretismo, maneiras, canda menos, pouco éticas e mantendo contacto de xeito individual só cos propietarios dos terreos afectados e non á veciñanza en conxunto.

Atopámonos, coa actual lei eólica, ante unha desprotección total de cara aos nosos concidadáns e que, escudándose nunha falsa riqueza que vai repercutir no rural, priman os intereses económicos das empresas sobre as persoas, a súa calidade de vida, recursos naturais e patrimonio. Ante este proceder, falta de información e desprotección, unha parte



## Concello de Outes

---

maioritaria da veciñanza afectada estase a organizar en plataformas para tentar frear o avance destes proxectos.

Neste contexto, a corporación municipal non pode quedar de brazos cruzados sen facer nada. Debemos tomar partido, debemos contar coa voz e intereses reais e preocupacións da veciñanza, posicionarnos ao respecto e tomar acción en consecuencia.

Permitir que estes proxectos avancen, coa lexislación actual e o proceder “silencioso” das empresas conlevaría a unha situación nos lugares afectados inaceptábel e, nalgúns casos, poderíanse calificar como aberrantes. Uns dos principais problemas sería a compensación económica baixa (que entende só como afectados aos propietarios de terreos ocupados) e a proximidade ás vivendas. Debemos ter en conta que os afectados de ditos parques son todos os veciños que sufren tamén o impacto da súa actividade a diario. Este impacto non sería só visual se non que tamén comprendería un impacto sonoro mediano-forte ás 24 horas do día e que repercutiría á calidade de vida da veciñanza, ao valor das propiedades e incluso a explotacións gandeiras próximas ou outras actividades económicas, coma o turismo, que poden ser perxudicadas.

Ante esta situación debemos recalcar que **non estaremos nunca en contra das enerxías renovábeis xa que son completamente necesarias**. O que non podemos permitir é que se continúe a expoliar os nosos recursos, amparándose nunha lei inxusta, sen que repercutan



## Concello de Outes

---

positivamente na veciñanza e sen protexer os seus dereitos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a

adopción do seguinte **ACORDO**:

- A corporación municipal de Outes, ao aprobar esta moción, toma posición contraria aos proxectos eólicos actuais no noso concello en base ao anteriormente exposto e comprométese a actuar en consecuencia.
- Que o concello proceda a facer un inventario e rexistro, previo á licitación, de todos os bens patrimoniais, mananciais, así coma un estudo do impacto paisaxístico e acústico, na flora, na fauna e repercusión nos sinais de comunicación.
- Que unha asesoría xurídica elabore as alegacións pertinentes e en base ás demandas da veciñanza.

### DEBATE

Comeza o Sr. Alcalde indicando o procedemento a seguir sendo necesaria en primeiro lugar motivar a urxencia da proposta. A voceira do BNG fai unha argumentación sobre a necesidade de que o Pleno da Corporación Municipal se



## Concello de Outes

---

posicione respecto aos proxectos de parques eólicos no Concello de Outes.

Finalizada a xustificación da urxencia, por parte do Goberno exprésase que non se aprecia a mesma e que non lles parece a forma de actuar en resposta a unha actuación do Goberno transparente e que isto non implica que non respalden o fondo da moción, se non que non é a forma; no mesmo senso se pronuncia a voceira do PP; e non se pronuncian desde o PSOE.

Finalizadas as intervencións, prodúcese a **VOTACIÓN** da urxencia tivo o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos en contra;
- Partido Popular: 5 abstencións;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia, a urxencia da moción é rexeitada, e non se procede a tratar o fondo do asunto.

## 2. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE AS OBRAS

---

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

---

### DA AVENIDA SAN CAMPIO.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ao finalizar a legislatura 2011-2015 o goberno de Outes consegue da Deputación Provincial da Coruña, gobernada naquel momento polo Partido Popular, que este organismo aprobara unha moi necesaria intervención no núcleo de A Serra, concretamente a Humanización da Avda. de San Campio DP 5604, unha obra na que tamén se incluía una actuación no entorno da igrexa de San Cosme.

Esta obra foi licitada en Outubro do 2015, xa gobernada a Deputación polo PSOE e mais o BNG, adxudicada en Maio do 2016 e comenzada posteriormente a actuación correspondente a parte de San Cosme, antes de que empezaran os traballos na Avda, de San Campio, a Deputación e mais a empresa contratista tiveron discrepancias que levaron a que se disolvese o contrato. Dende aquel momento anterior goberno municipal fixo innumerables peticións á Deputación para que se lle dera unha solución ao problema e que a obras paralizadas foxen postas en marcha de novo, porque se no ano 2015 era necesaria a execución desta obra, calquera pode imaxinar que co paso do tempo esa necesidade vólvese cada vez mais preteritoria. O certo é que non obtivemos ningún resultado mais que boas palabras e promesas incumplidas. No vran do ano 2018 nunha xuntanza co Presidente da Deputación, díxosenos que se iba a redactar outro proxecto e

---

Concello de Outes





## Concello de Outes

---

que a principios do ano 19 sería sacada a licitación, podendo comenzar as obras no mes de marzo. A día de hoxe non vemos que estas obras estén en marcha e tampouco temos coñecemento de que se sacaran a licitación.

### ACORDO:

Que o Goberno Municipal de Outes faga as xestións necesarias ante a Deputación Provincial da Coruña para que esta obra, a Humanización da Avda. de San CampiO de inmediato.

### DEBATE

Comeza a voceira do Partido Popular defendendo a proposta sobre as obras da humanización da Avenida de San Campio. Após a intervención dos voceiros do BNG e PSOE, favorable á moción, o alcalde aclara que a obra que se pide debe executala a Deputación da Coruña.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da proposta, co seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;



## Concello de Outes

---

- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia, a moción é aceptada por unanimidade.

### **3. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A INCORPORACIÓN DE DIVERSAS OBRAS NO POS+2020.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O coñecemento da situación das infraestruturas nas parroquias do concello así como necesidades e suxestión que nos fan chegar cada día os veciños, lévannos a crer precisa a inclusión diversas obras, en diferentes núcleos do concello, no futuro Plan Provincial POS+2020. Sabemos que hai moitas mais actuacións que tamén son necesarias, pero somos tamén coñecedores das limitacións dos recursos económicos deste Plan. As actuacións a incluír son as seguintes:

- Acondicionamento do camiño de Oroña a Couso.
- Pavimentación interior en Cabanamoura.



## Concello de Outes

---

- Pavimentación da Praza de Valadares.
- Pavimentación do camiño do Miraxo en Lestaio.
- Pavimentación interior do núcleo de Viro.
- Pavimentación interior en Brión de Arriba (zona de abaixo da praza).
- Saneamento de Quintenla e Ousesende.
- Ensanche e acondicionamento do vial entre Pío e A Fonte e entubado do Camiño da Fonte en Cuns.
- Acondicionamento do camiño de Rodeiro a Lourido dende cruce de Fontemourente a Pedrolo.
- Acondicionamento da estrada de Lantarou ao Alto do Cruceiro.
- Acondicionamento da pista do Formigueiro de abaixo a Farrapa.
- Acondicionamento da pista de Villardigo a Fonte Carracido.
- Acondicionamento interior en Cando, da casa do Carabineiro ata a de Caetano.
- Acondicionamento da sobre o río Tins.

---

## Concello de Outes



## Concello de Outes

---

- Acondicionamento estrada de Rodeiro a San Lourenzo e consolidación da ponte
- Acondicionamento da Rua Doctor Esperante.
- Acondicionamento do camiño da Xeral a casa de Pallón en Cambeiro de Arriba.
- Acondicionamento dende a DP3404 en Lantarou a DP4502 pola ponte das Pesqueiras.
- Acondicionamento da pista de Ousesende a Dis polo Soutiño.
- Pavimentación dos interiores de Dis.
- Acondicionamento da estrada de San Lourenzo a Mastontán.
- Acondicionamento da rua da Braña no Conchido.
- Acondicionamento dende o cruce de Quintenla ata a DP5604.
- Acondicionamento da Rua da Lagoa dende a AC-550 ata o paseo marítimo por diante do Astaleiro Amado no Freixo.



## Concello de Outes

---

- Acondicionamento do camiño da Portela a Bugalleira en San Cosme.

### ACORDO:

Que o goberno municipal inclúa no Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación Provincial da Coruña (POS+2020) as actuacións antes referenciadas.

### DEBATE

Comeza a voceira do Partido Popular expoñendo a moción presentada polo seu grupo municipal e as actuacións que contempla. Após a súa primeira intervención, hai unha quenda de palabra que comeza polo alcalde na que se explica o novo método de escolla das actuacións para incluír no POS, polo que solicita do grupo popular que reconsidere a moción e sexa menos taxativa, pedindo que se consideren esas obras pero non se decrete unha inclusión directa; D<sup>a</sup> Beatriz négase a isto. Logo hai quendas de palabra dos grupos municipais do BNG, que se opoñen a que as obras propostas sigan sen ser integrais; e PSOE, que adianta a abstención á espera das obras propostas polo executivo local. Finaliza o Alcalde adiantando o voto en contra, non porque non crean que ditas actuacións sexan necesarias, se non por coherencia co sistema e método do novo goberno.

Finalizado o debate prodúcese a **VOTACIÓN** da proposta, co seguinte

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos en contra;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 abstencións;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 abstención.

En consecuencia, a moción é rexeitada, co voto de calidade do Presidente da Corporación.

#### **4. MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL SOBRE AS OBRAS URXENTES NA ESCOLA DE VILA DO MONTE.**

Exposición de Motivos:

No concello de Outes as escolas de ensino primario nas aldeas eran primordialmente todas públicas salvo aquelas clases que algún poñía na sua casa cobrándolle algo ós país dos rapaces. Estaban repartidas polas aldeas donde se concentraban os escolares dos nucleos mais cercanos. Normalmente eran inmobles alugados donde tamén vivía o

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

mestre ou mestra, da escola que nos ocupa era dos propios vecinos, e foi simbólicamente cedida/vendida o concello para que se impartirán clases nese centro.

A mediados dos anos setenta levouse a cabo a concentración dos alumnos nos centros da serra e cruceiro de roo, quedando aínda alguna escola unitaria nalgunha aldea que hoxe non teñen actividade por falta de alumnado.

Unha destas escolas de aldea é a de Vila do Monte na parroquia de Valadares e que os vecinos seguen utilizando para facer xuntanzas, reunión periódicas e alguna que outra festa. O problema co que se atopan é que ademáis de humidades e goteiras, teñen o teito apuntalado e calquera día ven todo abaixo e cae nunha morea co risco de que non quede ahí a cousa e poida suceder unha desgracia. Supoñemos que estades o tanto da situación deste edificio, e que tal como está non é operativo para a finalidade que pretenden os vecinos, polo dito o PSOE de Outes solicita que o pleno da corporación tome o seguinte acordo

### ACORDO

Habilitar unha partida económica URXENTE ou xestionala con

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

outras Institucións para que se fagan AS REFORMAS NECESARIAS na devandita escola da forma máis urxente posible para que os vecinos e asociacións representadas que alí se xunten teñan a seguridade de poder reunirse e darlle o uso que acostuman sin RISCOS para a sua propia integridade.

### DEBATE

Comeza o voceiro do PSOE expoñendo a moción presentada e o alcalde confirma o voto favorábel do equipo de goberno, debido ó estado da Escola e á existencia dunha asociación de veciños moi activa que a precisa. A voceira do PP concorda coa necesidade de actuar nesta escola e o edil do BNG aclara que a proposta é urxente polo deterioro que presenta esa infraestrutura.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.





## Concello de Outes

---

En consecuencia, a moción é aceptada por unanimidade.

### **9.- ROGOS.**

#### **- PRESENTADOS POR ESCRITO.**

#### **- DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

- As actuais portas do centro de saúde do noso concello supoñen unha barreira

para todas aquelas persoas maiores, debilitadas ou con mobilidade reducida que

teñen que realizar as súas visitas ao mesmo. Rogamos que se proceda

urxentemente para substituír a mesma por unha porta automática.

Contesta o Alcalde que o edificio é de titularidade da Xunta de Galicia, e o Concello pode instar ese cambio, pero non obrar en edificios que non son da súa titularidade.



## Concello de Outes

---

- En aras de continuar a aumentar a transparencia do institucional do noso concello

creemos convinte a publicación nun novo apartado da web das actas dos plenos.

Rogamos que se proceda a facer.

Contesta o Alcalde que esto xa se está a publicar.

- Na actualidade non existe ningún areal habilitado para acceso á mascotas.

Creemos que a mellor opción para facelo sería o areal da Vitareira, a praia que se

atopa xusto á beira de Broña. Rogamos que se proceda cos trámites para habilitala

ao uso indicado.

**- ROGOS ORAIS.**

**- DO PARTIDO POPULAR.**

---

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

---

- O camiño que baixa dende a Barquiña ata o mar esta cheo de maleza, polo que piden que se desbroce.
  
- O camiño que vai dende a igrexa de Roo ata a fonte de San Xoan, atópase no mesmo estado, polo que tamén roga que se adecente.
  
- As beirarrúas no Freixo, sobre todo por Siavo e xunto o varadero de Camposas, así como no Cruceiro de Roo, ata a igrexa, pola saída de Viro, etc, tamén está neste estado, polo que roga que se arranxe este punto.
  
- O **Partido Socialista** únese a este último rogo de limpeza no Freixo.
  
- **DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**
  
- Roga a retirada de enseres e voluminosos que se atopan xunto da EDAR da Serra, rogo que xa se fixo no Pleno anterior.

## 10.- PREGUNTAS.

- **DO PLENO ANTERIOR.**
  
- **BNG:**

---

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

---

1. En que consiste a asesoría xurídica que se está a prestar ós veciños en relación ó tema dos parques eólicos?

Contesta o Alcalde que se están facendo os trámites para a contratación efectiva desta asesoría, se ben xa estamos en negociación con “CALIXTO ESCARIZ AVOGADOS”, para que presten unha asesoría en dúas fases: a primeira que consistirá nunha charla informativa sobre a xestión administrativa dos parques e os eventuais contratos que os veciños e a empresa eólica leven a cabo; e a segunda fase consiste na redacción e presentación das alegacións de todo tipo diante das institucións pertinentes, unha vez aberto o prazo de información pública dos distintos proxectos.

Está previsto que esta asesoría comece a prestar os seus servizos de forma breve, se pode ser, na semana seguinte.

### - PARTIDO SOCIALISTA:

1. Vaise facer algún seguimento dos vertedoiros incontrolados para limpalos e intentar que non se continúen a realizar?

Contesta a Tenente Alcaldesa, encargada da área de Medio Ambiente, D<sup>a</sup> Alba Quintela, e afirma que este é un grave problema de falta de civismo, polo que en cada un dos casos dos que teñan constancia, estudaran a mellor solución; si hai ocupación de espazos e vías públicas e non se coñeza a orixe dos vertidos, empregárase o servizo de recollida de voluminosos, e tamén se intentará disuadir á xente, pero



## Concello de Outes

---

non é tarefa fácil.

2. Pretos a setembro, o goberno vai axudar con becas/bonos de transporte ou análogos, a alumnos que teñan que mobilizarse a Santiago?

Si, contesta o Alcalde que hai unha partida destinada a iso e nas próximas semanas se fará pública a convocatoria para súa concesión.

### - PRESENTADAS POR ESCRITO.

### - DO PARTIDO POPULAR:

O día 31 de Outubro deste ano finaliza o prazo de xustificación das actuacións correspondentes á subvención de 36.932,10 € concedida ao Concello de Outes polo Fondo de Compensación Medioambiental para o ano 2019 (Orde do 17/12/2018 publicada no D.O.G. num. 248 do 31/12/2018).

O anterior goberno ocupouse de tramitar e distribuír esta subvención en varios conceptos: Contratación dunha brigada medioambiental, Adquisición de contedores e “mini punto limpo” e instalación de varias para a ubicación illas para a colocación agrupada de contedores.

Sabemos que a brigada xa foi contratada, pero non vemos na rúa



## Concello de Outes

---

ningunha das outras dotacións aprobadas, polo tanto facémoslle a seguinte pregunta:

¿En que punto está o proceso de execución dos outros dous conceptos e cando se prevé que estean rematados para poder ser xustificados?

Contesta novamente D<sup>a</sup> Alba Quintela, que efectivamente a brigada xa foi contratada o 23 de xullo, e durante os meses de xullo e agosto estivéronse solicitando orzamentos tanto de contedores como dos puntos e illas e agora mesmo xa están os pedidos realizados e estase á espera de que se suministren polas empresas. As illas quedarán colocadas nun prazo de dúas semanas, o minipunto de tres-catro, e os contedores tamén nun prazo máximo de cinco.

**- DO BNG:**

- É ben coñecido por toda a veciñanza a perigosidade da curva que rodea a fachada

principal da igrexa parroquial de Outes. Esa curva, carente dun mínimo de

visibilidade, rexistra un tráfico importante como para seguir carecendo dalgún tipo

de medida preventiva xa sexa un semáforo, uns lombos reductores de velocidade

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

ou outros. Ten o goberno pensado actuar ao respecto? De ser afirmativa a

resposta, que pretende facer e cando se prevé implementalo?

Contesta o Alcalde que esa é unha estrada de titularidade provincial, polo que non se poden facer por parte do Concello actuacións directas. Na reunión mantida o 6 de setembro co titular de infraestruturas viarias da Deputación, este foi un dos problemas que se plantexou, e non só nestes termos se non para darlle unha solución integral ó problema de circulación que alí existe. Como xa eran coñecedores deste problema, estanse estudando varias solucións, entre elas incluso derrubar a casa reitoral, pero este é un ben inventariado por patrimonio da Xunta de Galicia, polo que se están buscando alternativas e seguiremos insistindo na cuestión da sinalización e non so alí se non en outras estradas da Deputación que transcorren polo noso Concello.

- A situación de abandono do Hotel a Beiriña do mar situado en primeira línea da

praia de Broña deixa unha imaxe completamente negativa do noso concello. Ten o

goberno pensado algo para o futuro da edificación? De ser afirmativa a resposta,



## Concello de Outes

---

### que ten pensado e cando se pensa acometer?

Igualmente o Alcalde afirma que se comparte a preocupación polo estado no que se atopa este inmovible, polo que é a súa vontade rematar con esta situación de abandono; o goberno xa se asesorou en relación coa titularidade do mesmo, polo que inicialmente se prevé insistir na vía de instar ós propietarios a que o limpen e, se non se produce, dar novos pasos pero que son moi complexos, incluíndo informes sobre a posible declaración de ruína, e poder actuar subsidiariamente.

### **- PREGUNTAS ORAIS A CONTESTAR NO VINDEIRO PLENO.**

#### **- DO PARTIDO POPULAR:**

- A festa da Vitalla foi dende hai anos unha ocasión de encontro entre os veciños de Outes, na que se compartía unha agradable xornada de lecer, sendo moi apreciada e exitosa a súa celebración. Cal é o motivo de que non se celebre este ano a festa da Vitalla?

- O día 20 deste mes publicouse na páxina web do Concello o anuncio de selección do persoal para monitores de inverno, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais, polo que nos poñeríamos no día 1 de outubro, e no folleto das actividades de inverno aparecen diversos talleres que comezan o día 1, 5, na

---

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:





## Concello de Outes

---

primeira semana de outubro... Como se van a dar esas clases que comezan en outubro se non dan os prazos para resolver o proceso de selección?

### - DO PARTIDO SOCIALISTA:

- Pensa o goberno local manter as axudas ás Comisións de Festas parroquiais para subvencionalas de acordo cos gastos que se producen nas devanditas festas ou teñen pensado modificar algunhas?

- Pódense saber as razóns polas que se cambiaron os contedores na Pontenafonso do Campo da Capela para a Cora?

*Remata a sesión ás 21:19 do que, como Secretaria, dou fe.*

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

A grabación do Pleno pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.youtube.com/watch?v=\\_JSI4IEkSR0](https://www.youtube.com/watch?v=_JSI4IEkSR0)

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/11	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de setembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 21:20 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MÍRIAM NAVEIRA DONO

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ

Concello de Outes



## Concello de Outes

33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos

incluídos na orde do día:

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1. Aprobación da acta da sesión anterior

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data do 26 de setembro de 2019.

#### 2. DACIÓN DE CONTAS DA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

#### 3. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2018.

<b>Expediente 407/2019. Peche e Liquidación do Orzamento</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<b>DEBATE</b>	
Trala explicación do Sr. Alcalde, non se produce debate, consensuando tódolos grupos e procedéndose á <b>VOTACIÓN</b> , que amosa o seguinte resultado:	
- Compromiso Outes: 5 votos a favor;	
- Partido Popular: 5 votos a favor;	
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;	

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia,

Vista a Conta Xeral do exercicio 2018, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2018, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Finalizados devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 17 de xullo de 2019 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral de 2018.

Visto que mediante anuncio publicado no BOP núm. 148, de 7 de agosto de 2019, a Conta Xeral —xuntamente co informe de devandita comisión— foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que, de conformidade co contido da certificación asinada pola Secretaria da Corporación, durante o prazo de exposición pública e oito máis, non se presentou ningunha reclamación, reparo ou observación á Conta Xeral.

Visto todo o que antecede, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018, comprendida pola Conta Xeral do propio Concello.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a



## Concello de Outes

documentación que a integra á fiscalización dos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas, segundo establece o artigo 212.3 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

### 4. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

#### Expediente 842/2019. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

#### DEBATE

Introduce o punto o Alcalde, explicando que se trata de facturas presentadas que corresponden a servizos prestados no ano anterior pero que non puideron ser tramitadas e aboadas en dito exercicio (último trimestre), polo tanto hai que proceder a este REC. En este punto tampouco se produce debate, consensuando tódolos grupos, e procedéndose á **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, procede á adopción do seguinte ACORDO:

Único.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 8/2019 por importe total de 40.573,41 €, coas facturas que se xuntan a esta proposta, incluídas nas relacións F/2019/30 por importe de 15.678,58 €; F/2019/31 por importe de 10.248,71 € e F/2019/61 por importe de 14.646,12 € e por conta das aplicacións do orzamento do Concello para o exercicio 2019.

Concello de Outes



## Concello de Outes

### 5. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

<b>Expediente 795/2018. Elaboración e Aprobación do Orzamento</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<b>DEBATE</b>	
<p>Explica o punto o Sr. Alcalde facendo referencia a que é necesario proceder á modificación das Bases de Execución para, no seu momento, ampliar un crédito e atender ó gasto que vai significar, presumiblemente, actuar de forma subsidiaria no derribo do tanatorio de Vistalegre, en execución da sentenza recaída polo Tribunal Supremo.</p> <p>En este punto tampouco se produce debate, consensuando tódolos grupos, agás o Partido Socialista, que adianta abstención porque afirma non contar con todos os datos para decidir doutro xeito. Procédese á <b>VOTACIÓN</b>, que amosa o seguinte resultado:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Compromiso Outes: 5 votos a favor;</li><li>- Partido Popular: 5 votos a favor;</li><li>- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;</li><li>- Grupo Mixto (PSOE): 1 abstención.</li></ul> <p>En consecuencia,</p> <p>Ante a existencia dos seguintes motivos: proceder, de acordo co sinalado no artigo 99 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á execución forzosa dos actos administrativos, previo apercibimento, a través dos medios sinalados no artigo 100 da devandita lei, e en relación co presente expediente, a través da execución subsidiaria a costa do obrigado, tendo en conta o sinalado no artigo 102, considérase necesario modificar a base de execución núm. 11 do orzamento municipal para o ano 2019, referida aos créditos ampliáveis, recollendo expresa e taxativamente como ampliable a</p>	



## Concello de Outes

partida na que se imputará o gasto derivado da execución forzosa de actos administrativos por medio de execución subsidiaria (151/22706), en función da efectividade dos recursos afectados non procedentes de operacións de crédito (399.01), recursos conformados pola liquidación do importe dos gastos, danos e prexuízos que se esixirá ao obrigado. Visto que con data 18/09/2019, emitiuse informe por Secretaría con indicación da lexislación aplicable e o procedemento a seguir para modificar as bases de execución. Visto que na mesma data, emitiuse informe por Intervención en sentido favorable á modificación das bases de execución. De conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e cun total de 12 votos a favor e unha abstención, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da base de execución núm. 11 do orzamento municipal para o ano 2019, quedando redactada nos seguintes termos: «BASE 11ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliáveis os financiados con recursos expresamente afectados agás os procedentes de operacións de crédito, todo isto consonte o artigo 39.1 do Decreto 500/1990. Para o exercicio 2019 terá a consideración de ampliable os créditos seguintes:

- Aplicación 2313.22301. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito serán os efectivamente recadados no concepto de ingresos 341.01 que superen os inicialmente previstos.
- Aplicación 151.22706 (gastos ocasionados ao Concello de Outes como consecuencia de execución forzosa de actos administrativos por medio de execución subsidiaria). Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito serán as liquidacións que se xiren antes da execución aos obrigados, e que supoñan o recoñecemento en firme de maiores dereitos sobre os previstos no orzamento de ingresos, subconcepto 399.01 (Outros recursos eventuais).

O expediente de ampliación deberá conter como mínimo os



## Concello de Outes

seguintes documentos:

- Informe da Tesourería municipal onde se poña de manifesto a efectiva recadación dos maiores ingresos previstos no subconcepto de ingresos 341.01.

- Informe da Tesourería municipal onde se poña de manifesto a efectiva recadación dos maiores ingresos previstos no subconcepto de ingresos 399.01 ou certificado de aprobación das liquidacións dos gastos derivados da execución subsidiaria, debidamente notificadas aos obrigados ao pago, que supoñan o recoñecemento en firme do dereito.

-Resolución da Alcaldía ou órgano en quen delegue, aprobando o expediente de ampliación de créditos.»

SEGUNDO. Expor ao público a modificación das bases de execución do orzamento, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.»

## 6. DÍAS FESTIVOS LOCAIS.

<b>Expediente 856/2019. Procedemento Xenérico</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<b>DEBATE</b>	
Introduce o punto o Alcalde, explicando que se propón o mércores de cinza (26 de febreiro) e o martes 29 de setembro (San Campio). En este punto tampouco se produce debate, consensuando tódolos	

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:





## Concello de Outes

grupos, e procedéndose á **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia,

Vista a solicitude efectuada polo Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, relativa á remisión por parte deste Concello dos dous días festivos para o ano 2020;

En aplicación das previsións contidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos para o ano 2020 as seguintes datas:

- Mércores 26 de febreiro (Mércores de cinza);
- Martes 29 de setembro (Festividade de San Campio).

SEGUNDO.- Comunicar a presente ó Servizo de Traballo e Economía Social, para o seu coñecemento e efectos.

## 7. APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO.

**Expediente 820/2019. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime

Concello de Outes



## Concello de Outes

nto

### DEBATE

Comeza o Sr. Alcalde facendo referencia a que este Plan Normativo é preceptivo para proceder á modificación/aprobación de calquera ordenanza ou regulamento. Se ben habitualmente se aproba ó inicio de cada ano, procede facelo agora pola concorrencia de circunstancias excepcionais, coa celebración de eleccións e a existencia dun novo executivo.

Toma a palabra a portavoz o PP para facer referencia que non se van a opoñer ó Plan Normativo, sen prexuízo de facer valer a súa postura cando se coñezan os textos dos cambios. Adianta o voto a favor.

Dende o BNG e o PSOE, únense ó anterior comentario.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia,

Considerando que con data 09/09/2019, iniciouse pola Alcaldía expediente para levar a cabo a aprobación do Plan Anual Normativo deste Concello;

Considerando a proposta de Plan Normativo que asinada pola Alcaldía que figura no expediente;

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 10/09/2019, e de conformidade co previsto no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, procede á adopción do seguinte,

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o Plan Anual Normativo deste Concello, que ten o seguinte tenor literal:

Concello de Outes



## Concello de Outes

### “PLAN NORMATIVO PARA O 2019

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña),

#### EXPOÑO

O pasado 16 de xuño de 2019 accedeu ao executivo outense unha nova equipa de goberno que pretende poñer en marcha as medidas incluídas no proxecto co que se presentou ante a cidadanía.

Entre estas medidas inclúense a posta en marcha inmediata dun servizo de conciliación integral e dun servizo de escola infantil ou equiparable. En ámbolos dous casos é preciso crear ou modificar regulamentos municipais existentes e crear novas ordenanzas para cubrir o custe dos servizos.

Por outra banda, tamén como proposta do novo goberno, consideramos de especial interese modificar a ordenanza fiscal do ICIO, para incluír unha fiscalidade máis xusta e adecuada ás grandes infraestruturas enerxéticas.

Por tanto, a efectos do Plan Normativo de 2019, propónse o seguinte:

Crear un regulamento para os servizos de conciliación prestados polo concello.

Crear unha ordenanza para os servizos de conciliación prestados polo concello.

Modificar o regulamento que afecta ao Punto de Atención á Infancia.

Crear unha ordenanza para os servizos ofrecidos polo Punto de Atención á Infancia.

Modificar a ordenanza fiscal reguladora do ICIO.”

**SEGUNDO.** Publicar o presente acordo no Portal da Transparencia deste Concello [<https://outes.sedelectronica.gal/transparency>] co fin de que este ao dispor dos interesados.



## Concello de Outes

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### 8. MOCIÓNS.

##### Expediente 777/2019. MOCIÓNS.

### 1. MOCIÓN DE URXENCIA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE OS PROXECTOS EÓLICOS PROXECTADOS NO CONCELLO DE OUTES

Exposición de Motivos:

No rexistro eólico de Galiza aparecen, dende hai case un ano, novos proxectos de parques eólicos para o noso concello en fase de tramitación. As empresas que se atopan detrás dos mesmos levan actuando todo este tempo con secretismo, maneiras, canda menos, pouco éticas e mantendo contacto de xeito individual só cos propietarios dos terreos afectados e non á veciñanza en conxunto.

Atopámonos, coa actual lei eólica, ante unha desprotección total de cara aos nosos concidadáns e que, escudándose nunha falsa riqueza que vai repercutir no rural, priman os intereses económicos das empresas sobre as persoas, a súa calidade de vida, recursos naturais e patrimonio. Ante este proceder, falta de información e desprotección, unha parte maioritaria da veciñanza afectada estase a organizar en plataformas para tentar frear o avance destes proxectos.

Neste contexto, a corporación municipal non pode quedar de brazos cruzados sen facer nada. Debemos tomar partido, debemos contar coa voz e intereses reais e preocupacións da veciñanza, posicionarnos ao respecto e tomar acción en

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

consecuencia.

Permitir que estes proxectos avancen, coa lexislación actual e o proceder “silencioso” das empresas conlevaría a unha situación nos lugares afectados inaceptábel e, nalgúns casos, poderíanse calificar como aberrantes. Uns dos principais problemas sería a compensación económica baixa (que entende só como afectados aos propietarios de terreos ocupados) e a proximidade ás vivendas. Debemos ter en conta que os afectados de ditos parques son todos os veciños que sufren tamén o impacto da súa actividade a diario. Este impacto non sería só visual se non que tamén comprendería un impacto sonoro mediano-forte ás 24 horas do día e que repercutiría á calidade de vida da veciñanza, ao valor das propiedades e incluso a explotacións gandeiras próximas ou outras actividades económicas, coma o turismo, que poden ser perxudicadas.

Ante esta situación debemos recalcar que **non estaremos nunca en contra das enerxías renovábeis xa que son completamente necesarias**. O que non podemos permitir é que se continúe a expoliar os nosos recursos, amparándose nunha lei inxusta, sen que repercutan positivamente na veciñanza e sen protexer os seus dereitos. En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**:

- A corporación municipal de Outes, ao aprobar esta moción, toma posición contraria aos proxectos eólicos actuais no noso concello en base ao anteriormente exposto e comprométese a actuar en consecuencia.

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

- Que o concello proceda a facer un inventario e rexistro, previo á licitación, de todos os bens patrimoniais, mananciais, así coma un estudo do impacto paisaxístico e acústico, na flora, na fauna e repercusión nos sinais de comunicación.
- Que unha asesoría xurídica elabore as alegacións pertinentes e en base ás demandas da veciñanza.

### DEBATE

Comeza o Sr. Alcalde indicando o procedemento a seguir sendo necesaria en primeiro lugar motivar a urxencia da proposta. A voceira do BNG fai unha argumentación sobre a necesidade de que o Pleno da Corporación Municipal se posicione respecto aos proxectos de parques eólicos no Concello de Outes.

Finalizada a xustificación da urxencia, por parte do Goberno exprésase que non se aprecia a mesma e que non lles parece a forma de actuar en resposta a unha actuación do Goberno transparente e que isto non implica que non respalden o fondo da moción, se non que non é a forma; no mesmo senso se pronuncia a voceira do PP; e non se pronuncian desde o PSOE.

Finalizadas as intervencións, prodúcese a **VOTACIÓN** da urxencia tivo o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos en contra;
- Partido Popular: 5 abstencións;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia, a urxencia da moción é rexeitada, e non se procede a tratar o fondo do asunto.

### **2. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE AS OBRAS DA AVENIDA SAN CAMPIO.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ao finalizar a lexislatura 2011-2015 o goberno de Outes consegue da Deputación Provincial da Coruña, gobernada naquel momento polo Partido Popular, que este organismo aprobara unha moi necesaria intervención no núcleo de A Serra, concretamente a Humanización da Avda. de San Campio DP 5604, unha obra na que tamén se incluía una actuación no entorno da igrexa de San Cosme.

Esta obra foi licitada en Outubro do 2015, xa gobernada a Deputación polo PSOE e mais o BNG, adxudicada en Maio do 2016 e comenzada posteriormente a actuación correspondente a parte de San Cosme, antes de que empezaran os traballos na Avda, de San Campio, a Deputación e mais a empresa contratista tiveron discrepancias que levaron a que se disolvese o contrato. Dende aquel momento anterior goberno municipal fixo innumerables peticións á Deputación para que se lle dera unha solución ao problema e que a obras paralizadas foxen postas en marcha de novo, porque se no ano 2015 era necesaria a execución desta obra, calquera pode imaxinar que co paso do tempo esa necesidade vólvese cada vez mais preteroria. O certo é que non obtivemos ningún

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

resultado mais que boas palabras e promesas incumplidas. No vran do ano 2018 nunha xuntanza co Presidente da Deputación, díxosenos que se iba a redactar outro proxecto e que a principios do ano 19 sería sacada a licitación, podendo comenzar as obras no mes de marzo. A día de hoxe non vemos que estas obras estén en marcha e tampouco temos coñecemento de que se sacaran a licitación.

### ACORDO:

Que o Goberno Municipal de Outes faga as xestións necesarias ante a Deputación Provincial da Coruña para que esta obra, a Humanización da Avda. de San CampiO de inmediato.

### DEBATE

Comeza a voceira do Partido Popular defendendo a proposta sobre as obras da humanización da Avenida de San Campio. Após a intervención dos voceiros do BNG e PSOE, favorable á moción, o alcalde aclara que a obra que se pide debe executala a Deputación da Coruña.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da proposta, co seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.





## Concello de Outes

---

En consecuencia, a moción é aceptada por unanimidade.

### **3. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A INCORPORACIÓN DE DIVERSAS OBRAS NO POS+2020.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O coñecemento da situación das infraestruturas nas parroquias do concello así como necesidades e suxestión que nos fan chegar cada día os veciños, lévannos a crer precisa a inclusión diversas obras, en diferentes núcleos do concello, no futuro Plan Provincial POS+2020. Sabemos que hai moitas mais actuacións que tamén son necesarias, pero somos tamén coñecedores das limitacións dos recursos económicos deste Plan. As actuacións a incluír son as seguintes:

- Acondicionamento do camiño de Oroña a Couso.
- Pavimentación interior en Cabanamoura.
- Pavimentación da Praza de Valadares.
- Pavimentación do camiño do Miraxo en Lestaio.
- Pavimentación interior do núcleo de Viro.
- Pavimentación interior en Brión de Arriba (zona de abaixo da praza).
- Saneamento de Quintenla e Ousesende.
- Ensanche e acondicionamento do vial entre Pío e A Fonte e entubado do Camiño da Fonte en Cuns.
- Acondicionamento do camiño de Rodeiro a Lourido dende cruce de Fontemourente a Pedrolo.



## Concello de Outes

---

- Acondicionamento da estrada de Lantarou ao Alto do Cruceiro.
- Acondicionamento da pista do Formigueiro de abaixo a Farrapa.
- Acondicionamento da pista de Villardigo a Fonte Carracido.
- Acondicionamento interior en Cando, da casa do Carabineiro ata a de Caetano.
- Acondicionamento da sobre o río Tins.
- Acondicionamento estrada de Rodeiro a San Lourenzo e consolidación da ponte
- Acondicionamento da Rua Doctor Esperante.
- Acondicionamento do camiño da Xeral a casa de Pallón en Cambeiro de Arriba.
- Acondicionamento dende a DP3404 en Lantarou a DP4502 pola ponte das Pesqueiras.
- Acondicionamento da pista de Ousesende a Dis polo Soutiño.
- Pavimentación dos interiores de Dis.
- Acondicionamento da estrada de San Lourenzo a Mastontán.
- Acondicionamento da rua da Braña no Conchido.
- Acondicionamento dende o cruce de Quintenla ata a DP5604.
- Acondicionamento da Rua da Lagoa dende a AC-550 ata o paseo marítimo por diante do Astaleiro Amado no Freixo.
- Acondicionamento do camiño da Portela a Bugalleira en San Cosme.

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

### ACORDO:

Que o goberno municipal inclúa no Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación Provincial da Coruña (POS+2020) as actuacións antes referenciadas.

### DEBATE

Comeza a voceira do Partido Popular expoñendo a moción presentada polo seu grupo municipal e as actuacións que contempla. Após a súa primeira intervención, hai unha quenda de palabra que comeza polo alcalde na que se explica o novo método de escolla das actuacións para incluír no POS, polo que solicita do grupo popular que reconsidere a moción e sexa menos taxativa, pedindo que se consideren esas obras pero non se decrete unha inclusión directa; D<sup>a</sup> Beatriz négase a isto. Logo hai quendas de palabra dos grupos municipais do BNG, que se opoñen a que as obras propostas sigan sen ser integrais; e PSOE, que adianta a abstención á espera das obras propostas polo executivo local. Finaliza o Alcalde adiantando o voto en contra, non porque non crean que ditas actuacións sexan necesarias, se non por coherencia co sistema e método do novo goberno.

Finalizado o debate prodúcese a **VOTACIÓN** da proposta, co seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos en contra;
- Partido Popular: 5 votos a favor;
- Bloque Nacionalista Galego: 2 abstencións;



## Concello de Outes

---

- Grupo Mixto (PSOE): 1 abstención.

En consecuencia, a moción é rexeitada, co voto de calidade do Presidente da Corporación.

### **4. MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL SOBRE AS OBRAS URXENTES NA ESCOLA DE VILA DO MONTE.**

Exposición de Motivos:

No concello de Outes as escolas de ensino primario nas aldeas eran primordialmente todas públicas salvo aquelas clases que algún poñía na sua casa cobrándolle algo ós país dos rapaces. Estaban repartidas polas aldeas donde se concentraban os escolares dos nucleos mais cercanos. Normalmente eran inmobles alugados donde tamén vivía o mestre ou mestra, da escola que nos ocupa era dos propios vecinos, e foi simbólicamente cedida/vendida o concello para que se impartirán clases nese centro.

A mediados dos anos setenta levouse a cabo a concentración dos alumnos nos centros da serra e cruceiro de roo, quedando aínda alguna escola unitaria nalgunha aldea que hoxe non teñen actividade por falta de alumnado.

Unha destas escolas de aldea é a de Vila do Monte na parroquia de Valadares e que os vecinos seguen utilizando para facer xuntanzas, reunión periódicas e alguna que outra festa. O problema co que se atopan é que ademáis de humidades e goteiras, teñen o teito apuntalado e calquera día ven todo abaixo e cae nunha morea co

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

risco de que non quede ahí a cousa e poida suceder unha desgracia. Supoñemos que estades o tanto da situación deste edificio, e que tal como está non é operativo para a finalidade que pretenden os vecinos, polo dito o PSOE de Outes solicita que o pleno da corporación tome o seguinte acordo

### ACORDO

Habilitar unha partida económica URXENTE ou xestionala con outras Institucións para que se fagan AS REFORMAS NECESARIAS na devandita escola da forma máis urxente posible para que os vecinos e asociacións representadas que alí se xunten teñan a seguridade de poder reunirse e darlle o uso que acostuman sin RISCOS para a súa propia integridade.

### DEBATE

Comeza o voceiro do PSOE expoñendo a moción presentada e o alcalde confirma o voto favorábel do equipo de goberno, debido ó estado da Escola e á existencia dunha asociación de veciños moi activa que a precisa. A voceira do PP concorda coa necesidade de actuar nesta escola e o edil do BNG aclara que a proposta é urxente polo deterioro que presenta esa infraestrutura.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- Compromiso Outes: 5 votos a favor;
- Partido Popular: 5 votos a favor;



## Concello de Outes

---

- Bloque Nacionalista Galego: 2 votos a favor;
- Grupo Mixto (PSOE): 1 voto a favor.

En consecuencia, a moción é aceptada por unanimidade.

### 9.- ROGOS.

#### - PRESENTADOS POR ESCRITO.

#### - DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

- As actuais portas do centro de saúde do noso concello supoñen unha barreira para todas aquelas persoas maiores, debilitadas ou con mobilidade reducida que teñen que realizar as súas visitas ao mesmo. Rogamos que se proceda urxentemente para substituír a mesma por unha porta automática. Contesta o Alcalde que o edificio é de titularidade da Xunta de Galicia, e o Concello pode instar ese cambio, pero non obrar en edificios que non son da súa titularidade.

- En aras de continuar a aumentar a transparencia do institucional do noso concello creemos convinte a publicación nun novo apartado da web das actas dos plenos. Rogamos que se proceda a facer. Contesta o Alcalde que esto xa se está a publicar.

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

- Na actualidade non existe ningún areal habilitado para acceso á mascotas.

Creemos que a mellor opción para facelo sería o areal da Vitareira, a praia que se atopa xusto á beira de Broña. Rogamos que se proceda cos trámites para habilitala ao uso indicado.

### - **ROGOS ORAIS.**

#### - **DO PARTIDO POPULAR.**

- O camiño que baixa dende a Barquiña ata o mar esta cheo de maleza, polo que piden que se desbroce.

- O camiño que vai dende a igrexa de Roo ata a fonte de San Xoan, atópase no mesmo estado, polo que tamén roga que se adecente.

- As beirarrúas no Freixo, sobre todo por Siavo e xunto o varadero de Camposas, así como no Cruceiro de Roo, ata a igrexa, pola saída de Viro, etc, tamén está neste estado, polo que roga que se arranxe este punto.

- O **Partido Socialista** únese a este último rogo de limpeza no Freixo.

#### - **DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

- Roga a retirada de enseres e voluminosos que se atopan xunto da EDAR da Serra, rogo que xa se fixo no Pleno anterior.

## 10.- PREGUNTAS.

### - **DO PLENO ANTERIOR.**

### - **BNG:**



## Concello de Outes

---

1. En que consiste a asesoría xurídica que se está a prestar ós veciños en relación ó tema dos parques eólicos?

Contesta o Alcalde que se están facendo os trámites para a contratación efectiva desta asesoría, se ben xa estamos en negociación con “CALIXTO ESCARIZ AVOGADOS”, para que presten unha asesoría en dúas fases: a primeira que consistirá nunha charla informativa sobre a xestión administrativa dos parques e os eventuais contratos que os veciños e a empresa eólica leven a cabo; e a segunda fase consiste na redacción e presentación das alegacións de todo tipo diante das institucións pertinentes, unha vez aberto o prazo de información pública dos distintos proxectos.

Está previsto que esta asesoría comece a prestar os seus servizos de forma breve, se pode ser, na semana seguinte.

### - PARTIDO SOCIALISTA:

1. Vaise facer algún seguimento dos vertedoiros incontrolados para limpalos e intentar que non se continúen a realizar?

Contesta a Tenente Alcaldesa, encargada da área de Medio Ambiente, D<sup>a</sup> Alba Quintela, e afirma que este é un grave problema de falta de civismo, polo que en cada un dos casos dos que teñan constancia, estudaran a mellor solución; si hai ocupación de espazos e vías públicas e non se coñeza a orixe dos vertidos, empregárase o servizo de recollida de voluminos, e tamén se intentará disuadir á xente, pero non é tarefa fácil.

2. Pretos a setembro, o goberno vai axudar con becas/bonos de transporte ou análogos, a alumnos que teñan que mobilizarse a Santiago?

Si, contesta o Alcalde que hai unha partida destinada a iso e nas próximas semanas se fará pública a convocatoria para súa concesión.

---

Concello de Outes





## Concello de Outes

---

### - PRESENTADAS POR ESCRITO.

#### - DO PARTIDO POPULAR:

O día 31 de Outubro deste ano finaliza o prazo de xustificación das actuacións correspondentes á subvención de 36.932,10 € concedida ao Concello de Outes polo Fondo de Compensación Medioambiental para o ano 2019 (Orde do 17/12/2018 publicada no D.O.G. num. 248 do 31/12/2018).

O anterior goberno ocupouse de tramitar e distribuír esta subvención en varios conceptos: Contratación dunha brigada medioambiental, Adquisición de contedores e “mini punto limpo” e instalación de varias para a ubicación illas para a colocación agrupada de contedores.

Sabemos que a brigada xa foi contratada, pero non vemos na rúa ningunha das outras dotacións aprobadas, polo tanto facémoslle a seguinte pregunta:

¿En que punto está o proceso de execución dos outros dous conceptos e cando se prevé que estean rematados para poder ser xustificados?

Contesta novamente D<sup>a</sup> Alba Quintela, que efectivamente a brigada xa foi contratada o 23 de xullo, e durante os meses de xullo e agosto estiveronse solicitando orzamentos tanto de contedores como dos puntos e illas e agora mesmo xa están os pedidos realizados e estase á espera de que se suministren polas empresas. As illas quedarán colocadas nun prazo de dúas semanas, o minipunto de tres-catro, e os contedores tamén nun prazo máximo de cinco.

#### - DO BNG:

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

- É ben coñecido por toda a veciñanza a perigosidade da curva que rodea a fachada principal da igrexa parroquial de Outes. Esa curva, carente dun mínimo de visibilidade, rexistra un tráfico importante como para seguir carecendo dalgún tipo de medida preventiva xa sexa un semáforo, uns lombos reductores de velocidade ou outros. Ten o goberno pensado actuar ao respecto? De ser afirmativa a resposta, que pretende facer e cando se prevé implementalo? Contesta o Alcalde que esa é unha estrada de titularidade provincial, polo que non se poden facer por parte do Concello actuacións directas. Na reunión mantida o 6 de setembro co titular de infraestruturas viarias da Deputación, este foi un dos problemas que se plantexou, e non só nestes termos se non para darlle unha solución integral ó problema de circulación que alí existe. Como xa eran coñecedores deste problema, estanse estudando varias solucións, entre elas incluso derrubar a casa reitoral, pero este é un ben inventariado por patrimonio da Xunta de Galicia, polo que se están buscando alternativas e seguiremos insistindo na cuestión da sinalización e non só alí se non en outras estradas da Deputación que transcorren polo noso Concello.

- A situación de abandono do Hotel a Beiriña do mar situado en primeira línea da praia de Broña deixa unha imaxe completamente negativa do noso concello. Ten o goberno pensado algo para o futuro da edificación? De ser afirmativa a resposta,

---

Concello de Outes



## Concello de Outes

---

### que ten pensado e cando se pensa acometer?

Igualmente o Alcalde afirma que se comparte a preocupación polo estado no que se atopa este inmovible, polo que é a súa vontade rematar con esta situación de abandono; o goberno xa se asesorou en relación coa titularidade do mesmo, polo que inicialmente se prevé insistir na vía de instar ós propietarios a que o limpen e, se non se produce, dar novos pasos pero que son moi complexos, incluíndo informes sobre a posible declaración de ruína, e poder actuar subsidiariamente.

### **- PREGUNTAS ORAIS A CONTESTAR NO VINDEIRO PLENO.**

#### **- DO PARTIDO POPULAR:**

- A festa da Vitalla foi dende hai anos unha ocasión de encontro entre os veciños de Outes, na que se compartía unha agradable xornada de lecer, sendo moi apreciada e exitosa a súa celebración. Cal é o motivo de que non se celebre este ano a festa da Vitalla?

- O día 20 deste mes publicouse na páxina web do Concello o anuncio de selección do persoal para monitores de inverno, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais, polo que nos poñeríamos no día 1 de outubro, e no folleto das actividades de inverno aparecen diversos talleres que comezan o día 1, 5, na primeira semana de outubro... Como se van a dar esas clases que comezan en outubro se non dan os prazos para resolver o proceso de selección?

#### **- DO PARTIDO SOCIALISTA:**

- Pensa o goberno local manter as axudas ás Comisións de Festas parroquiais para subvencionarlas de acordo cos gastos que se



## Concello de Outes

---

producen nas devanditas festas ou teñen pensado modificar algunhas?

- Pódense saber as razóns polas que se cambiaron os contedores na Pontenafonso do Campo da Capela para a Cora?

*Remata a sesión ás 21:19 do que, como Secretaria, dou fe.*

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A grabación do Pleno pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.youtube.com/watch?v=\\_JSI4IEkSR0](https://www.youtube.com/watch?v=_JSI4IEkSR0)

